



1 REFERENTE AO PATRIMONIO

1. REFERENTE AO PATRIMONIO

1.1. FURTO/ROUBO ELECTRÓNICO E ESTAFA INFORMÁTICA.

O furto é utilizar un ben alieo sen consentimento do seu dono. O roubo é unha subtracción con forza. En Internet sería, por exemplo, utilizar sen consentimento do seu dono unha tarxeta de crédito. A sanción básica recollida no Código Penal é prisión de un a tres anos.

1.2. ESTAFA.

Consiste en causar prexuízo económico ou patrimonial a un terceiro mediante enganar. En Internet sería unha manipulación informática para obter información que permita subtraer documentos ou diñeiro. A sanción básica recollida no Código Penal é prisión de seis meses a tres anos.

1.3. CRAKER.

A Lei prohibe destruír, alterar, inutilizar ou, de calquera outro modo, danar os datos, programas ou documentos electrónicos alieos contidos en redes, soportes ou sistemas informáticos. Nestes casos hai que ter en conta, ademais, que o castigo polos danos informáticos vaise a sumar ao castigo polos danos causados polo delincente, cando logre o seu obxectivo final. A sanción básica recollida no Código Penal é prisión de un a tres anos e multa económica de doce a vinte e catro meses.

A Lei castiga tamén a fabricación ou tenencia de útiles, materiais, instrumentos, sustancias, máquinas, programas de ordenador ou aparatos destinados a cometer delitos e, máis especificamente, os destinados á falsificación de documentos oficiais ou privados con ánimo de engano.

1.4. DELITOS CONTRA A PROPIEDAD INTELECTUAL.

A Lei castiga a quen, con ánimo de lucro comercial e en prexuízo de terceiros, “reproduza, plaxie, distribúa ou comunique publicamente, en todo ou en parte, unha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística, fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a autorización dos titulares dos correspondentes dereitos de propiedade intelectual ou dos seus cesionarios”.

Tamén sanciona a “quen fabrique, importe, poña en circulación ou teña calquera medio destinado a facilitar a supresión non autorizada ou a neutralización de calquera dispositivo técnico que se utilizou para protexer programas de ordenador ou outras obras, interpretacións ou execucións.

A sanción básica recollida no Código Penal é pena de prisión de seis meses a dous anos e multa económica de doce a vinte e catro meses.

1.5. DELITOS CONTRA A PROPIEDAD INDUSTRIAL.

A Lei castiga aos que fabriquen, importen, posúan, utilicen, reproduzan, imiten, modifiquen, ofrezan ou introduzan no comercio, ou en definitiva utilicen de calquera outro modo, con fins industriais ou comerciais e sen consentimento do titular obxectos protexidos por un rexistro oficial, é dicir por unha patente, unha marca ou un modelo de utilidade. (art. 270 do Código Penal). A sanción básica recollida no Código Penal é pena de prisión de seis meses a dous anos e multa económica de doce a vinte e catro meses.